

La Opinión

Domingo, 8 de febrero de 2009

Cesáreo Sánchez segue á fronte dos escritores en lingua galega

Redacción

A CORUÑA

Cesáreo Sánchez continuará á fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) unha vez aprobada a proposta de renovación da xunta directiva na súa Asemblea Anual de Socios e Socias, celebrada onte e na que se acordou, entre outras cuestións, o programa de actividades para o 2009. Antía Otero é a vicepresidenta.

Entre esas actividades cabe salientar a concesión do premio Bós e xenerosos a Mariví Villaverde, e da Letra "E" a Agustín Fernández Paz. Ademais, a asociación declarou "escritora galega universal" á mexicana Elena Poniatowska. Como novidade, este ano nomearse igualmente escritor galego universal a un escritor procedente do ámbito literario da lusofanía, recaendo nesta primeira ocasión no escritor angoleño José Luan-dino Vieira.

Estes premios entregaran-se na Cea das Letras conxuntamente cos Premios AELG. No transcurso da Cea das Letras recoñecerase a mellor obra publicada no 2008 en cadaunse xénero.